



Pacto de Socios

subscrito entre todas as persoas socias da
sociedade Enerxía Comunitaria, S.L., e a propia
Sociedade

En Vigo, a 4 de xullo de 2025,

REUNIDOS

Don XAVIER SIMÓN FERNÁNDEZ, con Documento Nacional de Identidade 36057075K, con domicilio en Quinteiro, 3B, na cidade de Arbo, na provincia de Pontevedra; quen actúa na súa calidade de socio e administrador mancomunado de Enerxía Comunitaria, S.L.

Don JOSÉ MANUEL HEREDIA CONDE, con Documento Nacional de Identidade 39461745R, con domicilio en Rúa do Reiseñor, 13, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; quen actúa na súa calidade de socio de Enerxía Comunitaria, S.L.

Don FRANCISCO XAVIER MARTÍNEZ COBAS, con Documento Nacional de Identidade 36087261P, con domicilio en Travessa de Santo Adrião, 3, en Seixas, na cidade de Caminha, 4910-344, Portugal; quen actúa na súa calidade de socio e administrador mancomunado de Enerxía Comunitaria, S.L.

Dona SARA LOUREDO CASADO, con Documento Nacional de Identidade 53198894D, con domicilio en Praza do Escultor Xoán Piñeiro, 1, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; quen actúa na súa calidade de socia e administradora mancomunada de Enerxía Comunitaria, S.L.

Don JULIO COSTAS COMESAÑA, con Documento Nacional de Identidade 36046647N, con domicilio en Estrada da Balsa, 77, na cidade de Vigo, na provincia



de Pontevedra; quen actúa na súa calidade de socio e administrador mancomunado de Enerxía Comunitaria, S.L.

Don FRANCISCO JOSÉ TORRES PÉREZ, con Documento Nacional de Identidade 36120831K, con domicilio en Estrada Gándara, 5, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; quen actúa na súa calidade de socio e administrador mancomunado de Enerxía Comunitaria, S.L.

Dona MARÍA CRISTINA SÁNCHEZ GONZÁLEZ, con Documento Nacional de Identidade 44805133Y, con domicilio en Rúa Velázquez Moreno, 41, na cidade de Vigo, na provincia de Pontevedra; quen actúa na súa calidade de socia e administradora mancomunada de Enerxía Comunitaria, S.L.

EXPOÑEN

1º.- Que son titulares de pleno dereito do 100% do capital social de Enerxía Comunitaria, S.L., e dos dereitos políticos e económicos que atribúen as participacións sociais nas que está dividido o capital de tal sociedade.

2ª.- Que é vontade de todas as persoas reunidas celebrar este acordo ou negocio xurídico, que ten como partes a todas as persoas socias de Enerxía Comunitaria, S.L., e á propia sociedade. Todas elas acordan denominar a este acordo “Pacto de Socios”, que se regula polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Cumprimento dos Estatutos e do Código Ético

As partes deste Pacto de Socios obríganse a respectar e facer respectar os Estatutos da Sociedade Enerxía Comunitaria, S.L., e o Código Ético aprobado pola xunta xeral de socios con data 7 de xuño de 2025.

Segunda.- Adquisición da condición de persoa socia

Sen ningún tipo de límite territorial, calquera cidadá, entidade social, comunidade de montes veciñais en man común, empresa, entidade pública (concellos, deputacións, goberno autonómico, goberno estatal ou calquera ente ou entidade xurídica por eles participada), poderá converterse en persoa socia de Enerxía Comunitaria, S.L., tendo en conta as seguintes consideracións:

- a. Todas elas deberán asinar e asumir este Pacto de Socios
- b. Todas elas deberán asinar e asumir o Código Ético aprobado pola xunta xeral de Enerxía Comunitaria, S.L.
- c. As persoas físicas, para adquiriren a condición de persoas socias, deberán subscribir un mínimo de 10 participacións. As persoas xurídicas e as entidades sociais, para adquiriren tal condición, deberán igualmente subscribir un mínimo de 10 participacións sempre que, en ambos casos, carezan de ánimo de lucro.
- d. As sociedades mercantís que teñan a condición de pequenas e medianas empresas (PEMES) consonte a lexislación mercantil, para adquiriren a condición de persoa socia, deberán subscribir un mínimo de 20 participacións.
- e. As institucións públicas e as empresas non PEMES, para adquiriren a condición de persoa socia, deberán subscribir un mínimo de 40 participacións.
- f. A participación máxima que unha persoa física ou xurídica pode ter será sempre inferior ao 50% do capital social.

As persoas socias **obríganse a manter** en todo momento a titularidade da cantidade de **participacións esixidas** neste Pacto de Socios **para poder adquirir a condición de socio**

Terceira.- Ampliación do capital social

1. No punto 3 do Código Ético aprobado pola Xunta Xeral de 7 de xuño de 2025, establécese que Enerxía Comunitaria, S.L., pretende facer posible un modelo empresarial 100% renovable, equitativo, distribuído e eficiente, en mans das comunidades locais, promovido desde a participación e a transparencia. E, para alcanzar tal obxectivo, Enerxía Comunitaria, S.L., configúrase como unha sociedade mercantil aberta á participación no capital social das comunidades locais, entendendo como tales a cidadanía e as súas asociacións, as empresas, particularmente as cooperativas e as comunidades de montes veciñais en man común, as administracións e institucións públicas, incluíndo ás asociacións comarcais para o desenvolvemento local e rural, que teñen, entre outros, os mesmos fins que Enerxía Comunitaria, S.L.
2. Coa finalidade de dar cumprimento a este obxectivo de iniciativa empresarial aberta á participación das comunidades locais, as persoas socias e administradoras de Enerxía Comunitaria, S.L., obríganse a que a Xunta Xeral



adopte os acordos de ampliación de capital que sexan necesarios e na contía precisa para dar resposta á demanda existente de subscrición do capital social de Enerxía Comunitaria, S.L., ata o momento temporal no que o capital social de Enerxía Comunitaria, S.L., alcance o importe preciso para a execución do seu obxecto social principal.

As persoas e entidades interesadas en participar no capital social asinarán unha Carta de Intencións con Enerxía Comunitaria, S.L., na que constará o número de participacións sociais que a persoa ou entidade demandante se compromete a subscribir, así como o procedemento para a súa subscrición.

3. Consonte o disposto no artigo 308 da Lei de Sociedades de Capital, as persoas socias e administradoras declaran que estes acordos de aumento de capital son exixidos polo interese da sociedade, polo que se obrigan a que a Xunta Xeral que adopte o acordo de aumento do capital acordará tamén a supresión total do dereito de subscrición preferente que regula o mencionado precepto legal.
4. Asemade, as persoas socias e administradoras obríganse a que estes aumentos de capital se realicen mediante a emisión de novas participacións sociais, todas de igual valor nominal e co mesmo valor nominal que as participacións sociais emitidas na fundación da sociedade (250,00 Euros), cuxo contravalor terá que consistir necesariamente en novas aportacións en diñeiro. Igualmente, as persoas socias e administradoras consenten en declarar que o valor nominal das novas participacións sociais se corresponde co valor real atribuído ás participacións no informe que teñen que elaborar as persoas administradoras, como requisito de validez do acordo de exclusión do dereito de preferencia consonte o número 2 do artigo 308 da Lei de Sociedades de Capital.

Cuarta.- Incumprimento do Pacto de Socios

Todas as persoas comparecentes recoñecen que as obrigas establecidas neste Pacto de Socios teñen sido esenciais e determinantes para alcanzar este acordo.

Polo tanto, todas elas recoñecen que existe un lexítimo interese en exixir un cumprimento estrito e puntual das obrigas asumidas, recoñecendo que os dereitos que se derivan para as partes dun eventual incumprimento das mesmas son adecuados e razoables.

En particular, todas as persoas partes deste acordo recoñecen que son coñecedoras de que o incumprimento deste Pacto de Socios é causa de exclusión da sociedade, nos termos establecidos nos Estatutos de Enerxía Comunitaria, S.L.

Quinta.- Cláusula Penal

As partes acordan establecer como cláusula penal, non substitutiva dos danos e prexuízos que puidesen ocasionar, o que segue: no caso de incumprimento, durante máis de tres meses, da obriga de manter o número mínimo de participacións sociais establecido na estipulación Segunda, a persoa socia verase privada do seu dereito de voto na xunta xeral e do seu dereito a percibir dividendos mentres non recupere a achega mínima esixida para o tipo de socio que corresponda.

Esta cláusula penal non substitúe á indemnización de danos e prexuízos nin ao abono de intereses a que a Sociedade e/ou o resto de persoas socias poidan ter dereito en caso de incumprimento deste Pacto de Socios, nin prexudicará o dereito destas a exixir o pago de calquera outros danos e prexuízos que se lles poidan causar como consecuencia do incumprimento deste Pacto de Socios.

Sexta.- Ingreso de novas persoas socias

No caso de ingreso na Sociedade dunha nova persoa socia, con carácter simultáneo á adquisición derivativa ou á subscrición das participacións sociais que adquira, esta terá que adherirse integramente e por escrito a este Pacto de Socios e ao Código Ético.

A tal efecto, tanto nos casos de subscrición de novas participacións, como de transmisión voluntaria, forzosa ou *mortis causa*, o órgano de administración da Sociedade comprométese a non inscribir no libro de persoas socias as titularidades que se deriven de tales subscricións ou transmisións, en tanto a persoa socia non acredite a súa adhesión ao Pacto de Socios e ao Código Ético nos termos expostos. E, no suposto de adquisición derivativa voluntaria *inter vivos*, a persoa socia transmitinte comprométese a non formalizar a venda das participacións sociais se non se produce a adhesión da nova persoa socia nos termos expostos.

En todo caso, o órgano de administración de Enerxía Comunitaria, S.L., comprométese a non inscribir no **Libro Rexistro de Persoas Socias** a aquela persoa que, tendo adquirido participacións sociais da Sociedade, non lle conste que se teña adherido ao Pacto de Socios e ao Código Ético.

Sétima.- Nulidade parcial

No suposto de que algún dos termos e condicións deste Pacto de Socios fose declarado total ou parcialmente nulo e sen efecto, os restantes termos e condicións permaneceran en vigor, sen que queden afectados por tal declaración de nulidade.

De declararse a nulidade ou inesixibilidade de calquera dos pactos ou disposicións deste Pacto de Socios consonte o disposto nunha norma xurídica aplicable, tal pacto ou disposición considerarase omitido. Neste suposto, o presente documento



conservará toda a súa vixencia e eficacia, sendo interpretado como se non contivese tal pacto ou disposición nula e inexixible..

Oitava.- Notificacións

Tódalas comunicacións e notificacións efectuadas polas partes relacionadas con este Pacto de Socios efectuaranse a través de correo electrónico, empregando as direccións electrónicas que consten no Libro Rexistro de Persoas Socias de Enerxía Comunitaria, S.L. Asemade, de existir, poderá empregarse a área privada de persoas socias da Web corporativa de Enerxía Comunitaria, S.L., para realizar tales comunicacións, así como tamén para a celebración de reunións telemáticas, nos termos que a tales efectos dispoñen os Estatutos da Sociedade.

Novena.- Lei aplicable e xurisdición

Este Pacto de Socios se rexe e se interpretará consonte a Lei española aplicable.

As partes, con renuncia expresa a calquera outro foro que en Dereito lles puidese corresponder, someten expresamente á competencia do xulgado competente da cidade de Vigo (Pontevedra) a resolución de calquera controversia ou reclamación que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente Pacto de Socios.

Décima.- Modificación e vixencia

Ningunha modificación deste Pacto de Socios producirá efecto vinculante para ningunha das partes a menos que conste por escrito e asinada por tódalas persoas socias e polo órgano de representación de Enerxía Comunitaria, S.L.

Este Pacto de Socios ten vixencia indefinida.